As nosas actividades 2019

verdegaia

CADERNO – MEMORIA

As nosas actividades 2019

03	Litoral
11	Parque Nacional das Illas Atlánticas
13	Vai de Roteiros
15	Feminismos
17	Antitouradas
19	Movemento Galego Polo Clima
21	Enerxía
25	Minaría
31	Brigadas Deseucaliptizadoras
41	Outras actividades realizadas
51	Temas xurídicos e administrativos

LITORAL
(Coordina Sabela Iglesias)

O noso país ve como ano tras ano estase a sufrir a paulatina degradación do seu entorno costeiro. Paseos marítimos, portos deportivos, zonas residenciais, piscifactorías, recheos varios e modificacións artificiais da costa que alteran o delicado equilibrio ecolóxico das Rías, exercendo presión sobre paisaxes que moitas veces son lugares moi valiosos desde o punto de vista natural e cultural. Modificacións que orixinan unha serie de impactos e efectos perturbadores que afectan directamente ao sistema litoral como recurso económico, patrimonial , ambiental e funcional.

Neste ano 2019 a situación segue a ser a mesma que en anos anteriores. Destacar a política de Portos do Estado, que tamén é seguida por Portos de Galicia, de outorgar concesións e realizar novas infraestruturas sen unha ordenación legal e racional do espazo portuario, sen que exista un plan que delimite os espazos e usos portuarios ou sen as preceptivas avaliacións ambientais deste documento.

Denuncia de obras ilegais para construción dunha depuradora de mariscos nas inmediacións do porto de Castiñeiras con afección a unha praia

xaneiro 2018

En xaneiro deste ano, presentouse denuncia diante do Concello de Ribeira por obras nas proximidades no peirao de Castiñeiras sen contar con licencia de obras. Pretendíase a construción dunha depuradora de mariscos sen licencia de obras con afectación dunha praia sobre a base dunha concesión posiblemente caducada e sen estudo de impacto ambiental. Por mor desta denuncia paralízanse as obras ilegais.

En abril de 2019 solicitouse información ao Concello de Ribeira e a Portos de Galicia sobre a concesión "12-47-14-C-1 Construción e explotación de depuradora de mariscos TRIÑANES PEGO, S.L." referida a ditas obras. A pesar de haber reiterado esta petición varias veces, non se nos proporcionou a información ambiental solicitada.

Verdegaia transmite á veciñanza toda a información dispoñible, e no mes de agosto participa nunha concentración de protesta na que toman parte centos de persoas.

A partir de agora, trátase de actuar tanto respecto á obra como á falta de transparencia da Administración.

Verdegaia, como membro da Ría Non Se Vende, denuncia os delitos cometidos pola Autoridade Portuaria de Vigo (APV) e o intento de levar adiante un novo aterramento na zona de Bouzas para a ampliación da terminal de contedores

segundo trimestre de 2019

O Porto de Vigo carece de delimitación de espazos e usos portuarios (a DEUP foi botada abaixo por sentenza da Audiencia Nacional de 2017, ratificada polo Tribunal Supremo en decembro de 2018). Así, agora mesmo non existe un documento en vigor que delimite legalmente a zona de servizo tanto en terra como en mar. Polo tanto, o que hai é unha zoa de servizo herdada dos feitos pero que non ten base legal. A APV ampárase nunha Orden Ministerial tarifaria do ano 1966 (preconstitucional e inconstitucional) para xustificar a zona interior e exterior de auga, que abrangue a totalidade da Ría. Conculcan así a lei de avaliación ambiental e a lei de patrimonio natural, así como a lei de portos do Estado e mariña mercante, de rango superior.

Nesta situación legal pretenden agora aumentar a superficie portuaria en Bouzas cun recheo de máis de 108 mil metros cadrados nunha primeira fase e tentando ocultar a intención de aterrar ata 200 mil metros cadrados, culminando a obra cun novo espigón de 200m cara Cangas.

Realizamos o informe de bandeiras negras na Galiza que publicou Ecoloxistas en Acción

xuño de 2019

Desde Verdegaia decidimos outorgar as seguintes bandeiras negras:

- A Coruña: Ría do Burgo bandeira á contaminación; praia de Barrañán, bandeira á mala xestión.
- Lugo: Ria de Viveiro, bandeira á contaminación; ALCOA e a Administración galega, bandeira á mala xestión.
- Pontevedra: ENCE, bandeira á contaminación; nova terminal RO-RO Plus, en Bouzas, bandeira á mala xestión.

Denunciamos ante os medios de comunicación e a Administración competente a intención de Portos de Galicia de trasladar para as inmediacións de Sálvora os lodos procedentes do dragado que está previsto realizar na zona da desembocadura do Lérez

10 de xuño de 2019

O punto de vertido estaría entre Ons e Sálvora, a 3,2 e 2 millas das súas zonas de protección marítima respectivas.

http://www.verdegaia.org/wp/as-illas-atlanticas-non-deben-ser-o-destino-dos-lodos-do-lerez/

Asinamos o manifesto da marcha contra celulosas e difundimos a convocatoria na nosa web

xuño de 2019



Como en anos anteriores tivemos tamén presenza na marcha que discorreu o día 16 até a factoría, partindo de Pontevedra e Marín, e na que se respirou a esperanza e a alegría polo que moi ben puidera supoñer o fin da actividade de ENCE en Lourizán e a recuperación para a Ría da súa vocación natural.

http://www.verdegaia.org/wp/nos-tamen-imos-a-marcha/

Verdegaia fixo un chamamento público á reflexión pola situación dos areais na zona de Arealoura e Panxón nas vésperas dun novo San Xoán

21 de xuño de 2019

Nesta contorna natural, ano tras ano e coa conivencia da administración local, autonómica e estatal, podemos ver a desfeita producida por esta celebración masiva. Como exemplo, destacamos que no ano 2018 prendéronse un número aproximado de 200 cacharelas pequenas e medianas, realizadas dentro de parapetos de area circulares acumulados a padeadas polos participantes, na desembocadura do río Muíños e dentro do ENIL Ecosistema Dunar Praia América-Panxón e dentro da Área Prioritaria de Conservación da Píllara das Dunas. Estas fogueiras realizáronse sen autorización de ningún tipo e cunha participación de entre 60.000 e 80.000 persoas que converteron a festa de San Xoán nun botellón multitudinario.

Este tipo de feitos repítense ano tras ano e a administración non fai nada nin por protexer o espazo natural, nin por fomentar unhas festas alternativas e respectuosas co medio.

http://www.verdegaia.org/wp/fogueiras-de-san-xoan-nos-areais-de-area-loura-e-panxon-consideracions-previas%ef%bb%bf/

Verdegaia fixo un informe sobre a Situación actual do Porto de Vigo e os novos recheos proxectados

xullo de 2019

A Autoridade Portuaria prevé novos recheos nos seus peiraos de Bouzas, Areal, Rande e fronte ao Auditorio da cidade, mentres que no caso de Marín quérese ampliar un peirao para habilitalo como terminal de cruceiro. A finais deste mes de xullo estamos a traballar na presentación dunha denuncia ante o Comité de peticións da UE.

Informámonos da intención do Goberno en funcións e de Portos do Estado de eliminar a Avaliación Ambiental dos plans de usos dos Portos

xullo de 2019

Algo que xa saltara á prensa dende xuño é a intención de engadir un novo apartado ao artigo 69 do " Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante, que eximiría os responsábeis das Autoridades Portuarias de "supervisión ambiental" cando realicen obras que impliquen cambios de usos e de espazos nos Portos. Detrás de todo isto está a pretensión de que a redacción e tramitación das DEUPs non estea sometida ao preceptivo trámite de Avaliación Ambiental, xa que así non terían que dar conta ante a cidadanía nin ante a administración de xustiza.

Fixemos pública a nosa preocupación co que está a acontecer cun proxecto de depuradora de mexillón en Castiñeiras

Setembro de 2019

Despois de varios meses de reiterar unha e outra vez a nosa solicitude de información en relación á instalación dunha depuradora de mexillón no porto de Castiñeiras (Ribeira), por fin conseguimos de Portos de Galicia a documentación do expediente dese proxecto. Non foi así co Concello de Ribeira, de quen seguimos agardando a chamada para recoller a copia da documentación que, primeiro por rexistro e despois persoalmente e con insistencia, lle foi solicitada. As irregularidades que nos parecía intuír na tramitación deste proxecto, confírmanse unha vez analizados os documentos recibidos.

(http://www.verdegaia.org/wp/depuradora-de-mexillon-en-castineiras-un-cumulo-de-irregularidades/)

Presentamos unha denuncia ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) por unhas presuntas obras ilegais en Moaña

14 de setembro

Decidimos participar na plataforma “A punta é de Abelleira" da Ría de Muros, que nace para defender este espazo dos dragados, verteduras e privatización do litoral

26 de outubro

Esta participación levounos a presentar, o 11 de decembro, unha alegación á solicitude de autorización de vertido de augas residuais na Ría de Muros por parte dunha empresa relacionada co tratamento de marisco. Esta empresa non contaba con acreditación de dispor da preceptiva concesión do dominio público marítimo-terrestre ás instalación polas que solicitaba o permiso, polo que demandamos o arquivo do expediente da solicitude.

Verdegaia fomos convidadas, xunto con outras organizacións, pola iniciativa “Proxecto Val de Rialdarca Moaña”

21 de novembro

A idea xurde dun colectivo veciñal do barrio da Seara. Na zona existe un río que discorre por unha contorna moi antropizada e descoidada. O actuais plans de urbanismo non pasan pola súa mellora, senón que existe un proxecto de circunvalación que afectaría negativamente ao espazo. O que se pretende é poñer en valor ese lugar e conseguir que se oficialice o sendeiro existente. Nesta liña levan xa anos a facerse campañas de limpeza, recuperación de camiños, plantación de autóctonas, etc.

Participamos nunha rolda de prensa en Compostela xunto con O Foro Social de Cangas, comuneiras/os de Tameiga (Mos) e A Ría Non Se Vende, sobre especulación e urbanismo

10 de decembro

Na xornada tratáronse varios casos de urbanismo especulativo e antisocial no sur de Galicia: proxecto de centro comercial do Celta en montes comunais de Tameiga (Mos); a especulación dos plans portuarios; PXOM especulativo e de edificabilidade desmesurada en Cangas do Morrazo (en fase de borrador). Tamén se fixo a presentación do avance do libro *Saljeirón*, do xornalista Primitivo Carbajo.

Denunciamos publicamente que o Porto de Vigo planifica máis de 200.000 metros cadrados de novos recheos que presenta como "crecemento sostible"

Decembro

Isto sucede a pesares das resolucións xudiciais que sinalan a situación de alegalidade na que se atopa o conxunto da superficie portuaria polas irregularidades na xestión básica e a falta de instrumentos preceptivos como a Delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUP).

Presentamos alegacións aos vertidos industriais na EDAR de Ribeira

Decembro

Preparamos esta alegación logo de ter acceso ao informe "*Auditoría sistema saneamento Ribeira*", realizado por Adantia, en relación ao funcionamento desa instalación. Denunciamos que nel aparecen recollidas unha boa cantidade de eivas que deberían ser solucionadas antes de que se proceda ao traspaso da infraestrutura a xestión municipal. Ademais, constátase algo do que xa Verdegaia alertara en anteriores alegacións á "Proposta de resolución de autorización de vertido ao mar de augas residuais urbanas procedentes do saneamento do concello de Ribeira": a presencia de augas de orixe industrial nos colectores destinados a augas urbanas.

Sobre este tema pódese ler unha nova que publicamos na nosa web en xaneiro:

(http://www.verdegaia.org/wp/o-xerente-de-augas-de-galicia-gonzalo-mosqueira-reconece-ante-os-medios-que-se-estan-vulnerando-os-termos-da-autorizacion-de-vertidos-para-a-edar-de-ribeira/)

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS
(Coordina Diego Vieites)

Dende Verdegaia botamos anos denunciando a ausencia dos instrumentos de planificación básicos que a lei esixe a un espazo natural desta categoría. Porén, agora que con máis dunha década de atraso a Administración pretende aprobalos, a denuncia diríxese á improvisación e falta de criterios técnicos e de conservación que eivan gravemente estes documentos.

O responsábel desta liña de acción é tamén representante do movemento ecoloxista no padroado do Parque.

Presentamos, en colaboración coa Sociedade Galega de Ornitoloxía, un escrito ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia formulando un recurso contencioso-administrativo contra o Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aprobaba o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas

10 de abril de 2019



O PRUX do PN das Illas Atlánticas estivo a exposición pública a mediados do pasado ano, momento no que ambas entidades formularon as súas alegacións e comentarios nun suposto proceso participativo que se limitou na realidade a unhas breves e parciais respostas por parte da Xunta de Galicia, que preferiu obviar moitas das cuestións que ambas entidades tiñan sinalado. Fíxoo cunha falta total de criterios de conservación e sen tratar cunha mínima seriedade as observacións realizadas por Verdegaia e a SGO, así como cunha continua desconsideración ás queixas que se teñen feito nos últimos anos a través da representación do movemento ecoloxista no Padroado do Parque Nacional. Por todas estas razóns tomamos a decisión de presentar un contencioso-administrativo ante o TSX de Galicia.

http://www.verdegaia.org/wp/presentamos-un-recurso-contra-o-prux-do-parque-das-illas-atlanticas/

Séguese adiante co contencioso polo PRUX do parque, proceso que levamos coa Sociedade Galega de Ornitoloxía

VAI DE ROTEIROS
(Coordina Diego Vieites)

Na Galiza temos unha riqueza natural, cultural e paisaxística só comparable ás barbaridades que tristemente tamén podemos atopar con certa facilidade: encoros, explotacións mineiras, etc. Así, co dobre obxectivo de coñecer o noso territorio e denunciar moitas das desfeitas que están a degradalo, pomos en marcha unha nova edición, a oitava, do programa *"Vai de roteiros!"*

Celebramos un encontro de activistas nunha contorna tan especial como a do Courel, que culminou cun roteiro pola devesa da Rogueira.

A fin de semana do 26-27 de outubro

O obxectivo era o de realizar a nosa tradicional xornada de Áreas de traballo, pero, como xa fixemos no ano pasado, darlle un sentido máis lúdico e de convivencia, así como abrilo tamén a persoas de fóra da asociación.

FEMINISMOS
(Coordina Iolanda Gallego)

Dende as xornadas sobre ecofeminismo celebradas en Compostela no 2012 non tiveramos unha actividade centrada nos feminismos e na perspectiva de xénero, algo que supuña unha carencia no sentido que queremos darlle á asociación. Desta volta propuxemos algo que é moi necesario no activismo, a formación teórica e práctica neste eido, e contamos ademais cunha persoa responsábel desta liña de acción.

Organizamos un obradoiro teórico-práctico co título de “Xénero, poder e feminismo: transformando as relacións e os coidados nos grupos”

22-23 de xuño

As súas responsábeis, Mar Cendón, María Rosendo e Mari Fidalgo, son persoas con experiencia tanto nos feminismos como nos movementos sociais. Elas definiron así a proposta: “*articúlase como un convite, un espazo para reflexionar e tomar consciencia de como a construción diferencial de xénero inflúe no funcionamento dos grupos. Nesta primeira proposta imos partir da idea do xénero como unha categoría de opresión e, analizando de forma crítica as relacións de poder que establece (rangos, roles, toma de decisións, distribución de tarefas etc.), achegarnos ao feminismo*”.

O obradoiro estivo aberto á participación de persoas doutros colectivos, polo que tamén serviu como un espazo de encontro nese sentido.

http://www.verdegaia.org/wp/obradoiro-xenero-poder-e-feminismo/

ANTITOURADAS
(Coordina José Cadaveira)

Verdegaia sempre mantivo contacto con colectivos animalistas, dos que poden separarnos algunhas cuestións que están detrás das diferentes posturas que existen no ecoloxismo e no anti-especismo, pero cos que temos tamén puntos e loitas comúns. Unha delas é esta, o desexo de rematar dunha vez para sempre coas touradas.

Verdegaia suma-se ao apoio, difusom e a chamada à participaçom a travês das redes sociais à manifestçom que todos os anos no mes de agosto convoca a Plataforma contra as Touradas de Pontevedra, este ano com a legenda : “Contra o maltrato animal. Agora aboliçom”

Julho de 2019

Mais um ano vemos-nos na obriga de alçar a nossa voz contra a tortura e morte de animais servida como espectáculo. Mais um ano acodiremos à fermosa cidade de Ponte Vedra para mostrar o nosso rejeitamento contra @s que lhe causam o opróbio de ser o último reducto das touradas na Galiza. E esta vergonha tem os seus responsáveis com nomes e apelidos nos governos da Junta e o da cidade, com o alcalde ao frente.

Acudimos à manifestaçom contra as Touradas de Ponte Vedra. Eramos umha dezena de pessoas de Verdegaia, e participamos na mobilizaçom com faixa própria

O 10 de agosto

Na manifestaçom participárom varias centenas de pessoas e repetirom-se as palavras de ordem já habituais contra a tortura e morte dos touros e contra o convénio do concelho com a empresa que gere a praça de touros.

Gostariamos que esta tivesse sido a derradeira vez que nos temos que manifestar contra as touradas na Galiza. Se nom o é, aí estaremos quantas vezes sejam necessárias

PARTICIAPCIÓN NO MOVEMENTO GALEGO POLO CLIMA (Coordinan Nacho Jorganes e João Manuel Peres)

Este ano constituíuse no País o MGPC. Verdegaia forma parte deste grupo xunto a máis de 60 entidades e colectivos galegos que apoiamos o chamado á acción da xente nova ante a situación de Emerxencia Climática que estamos a vivir.

Fixemos público o manifesto do Movemento Galego polo Clima

20 de setembro de 2019

Fixemos público o noso manifesto, que compartimos a través das redes para todas aquelas persoas que tivesen interese por lelo.

https://movementogalegopoloclima.wordpress.com/

https://t.me/CanleMGPC

.

ENERXÍA
PLATAFORMA: GALIZA, UN FUTURO SEN CARBÓN
(Coordina João Serdoura)

Dende finais de 2018 Verdegaia pertence á Plataforma 'Galiza, un futuro sen carbón', o nodo galego da plataforma europea 'Un futuro sen carbón'. Unha plataforma composta por diversas organizacións unidas polo obxectivo dunha Galiza sen carbón e 100% renovábel.

Entre as diversas actividades realizadas destacan:

- De forma continuada fixéronse declaracións e tomas de postura públicas en relación ao modelo enerxético galego. Esta labor viuse alterada pola súbita decisión de Endesa de pechar axiña a central de carbón de As Pontes. A plataforma "Galiza, Un futuro sen carbón" celebrou o anuncio do posíbel peche dunha das 20 maiores fábricas europeas de cambio climático. O fin da produción eléctrica con carbón nesta central provocará unha caída drástica das emisións galegas de gases de efecto invernadoiro (GEI). Endesa debe confirmar canto antes o calendario de peche definitivo, desestimar a reconversión da central de carbón nunha macroincineradora igualmente insustentábel, e implicarse na xeración de alternativas de emprego sustentábel nas comarcas afectadas pola clausura da central.
- O 27 de setembro tivo lugar a Folga Mundial polo Clima. A plataforma sumouse a esa convocatoria de folga estudantil, laboral e de consumo.

Presentación de alegacións á proposta do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC)

9 de Abril de 2019

Reclamamos un calendario de peche obrigatorio das térmicas de carbón, a máis tardar, en 2025. O abandono total do carbón e da enerxía nuclear en 2025 sería posíbel cun maior esforzo no despregue das enerxías renovábeis e no estímulo do aforro e a mellora da eficiencia enerxética.

http://www.verdegaia.org/wp/galiza-un-futuro-sen-carbon-pide-o-peche-da-central-das-pontes

Apoio á folga estudantil polo clima convocada en todo o mundo

15 de Marzo de 2019

Unha chamada a toda a cidadanía a sumarse ás mobilizacións convocadas polo colectivo estudantil en diversas cidades e vilas galegas, en demanda de accións para reducir rapidamente as emisións de gases causantes da mudanza climática.

http://www.verdegaia.org/wp/a-plataforma-galiza-un-futuro-sen-carbon-apoia-as-folgas-estudantis-polo-clima/

Celebración do anuncio de Naturgy de solicitar o peche da central térmica de carbón de Meirama (Cerceda) antes do 30 de xuño de 2020

23 de Xaneiro de 2019

Trátase dun importante avance na transición cara a un sistema enerxético 100% renovable, cada vez máis urxente perante a situación de emerxencia climática global. Cómpre acompañar o peche de medidas xustas para as persoas traballadoras afectadas pola clausura dunha das industrias máis contaminantes da nosa terra.

http://www.verdegaia.org/wp/a-plataforma-galiza-un-futuro-sen-carbon-celebra-a-decision-de-pechar-a-central-termica-de-meirama/

Charla sobre enerxía en Ribeira.

19 de xuño de 2019

Organizamos unha charla informativa sobre enerxía e cooperativas enerxéticas en Ribeira, coa participación de membros da cooperativa Nosa Enerxía e de Verdegaia.

Andaina contra os eólicos pola lagoa de Alcaián.

22 de setembro de 2019

Colaboramos coa Plataforma contra os Eólicos de Bustelo-Campelo-O Toural (concellos de Santa Comba, Coristanco e Carballo) nunha andaina para coñecer os valores dun espazo natural ameazado por este proxecto, a lagoa de Alcaián. Desde Verdegaia pensamos que a enerxía eólica é un recurso moi importante no necesario proceso de transición cara un novo modelo enerxético, iso é evidente, pero a forma na que se está a desenvolver polo territorio galego presenta unhas lóxicas perversas que nada teñen que ver con esa potencialidade. Os parques eólicos están a ser un elemento que se suma ao resto do mix produtivo, dende unha finalidade que busca antes que unha verdadeira transición enerxética o lucro de grandes empresas. É un nicho de negocio que se desprega sen participación pública e transparencia, e sobre todo sen o máis mínimo respecto polo territorio e as comunidades que o habitan. A aposta por un novo modelo enerxético debe partir desas premisas, primar antes de nada a redución no consumo e facilitar fórmulas de auto-produción.

Participamos nun debate dun programa de radio organizado na facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela sobre o concepto de “Green New Deal”

Novembro 2019

MINARÍA
(Coordinan Nela Abella e Nacho Jorganes)

A minaría nos seus formatos máis agresivos cara o medio ambiente e as comunidades, en especial as rurais, segue a ser unha ameaza neste ano 2019. As dinámicas dunha economía que camiña cara a escaseza de certos recursos naturais, os ciclos especulativos, o papel de multinacionais e fondos de inversión, a conivencia entre administracións e empresas, a falta de respecto polas formas de vida rurais e pola natureza, etc. Estas son as liñas que debuxan o escenario no que se despregan este tipo de proxectos.

No positivo podemos sinalar que por medio de ContraMINAcción este ano encetamos un camiño conxunto con outros colectivos e redes de defensa do territorio fronte a esta minaría, que tomou corpo nun encontro de ámbito ibérico celebrado en Compostela.

IV Encontro da rede ContraMINAcción (Rede contra a Minaría Destrutiva na Galiza), á que pertence Verdegaia, no marco dun primeiro encontro ibérico de plataformas e redes de loita contra o extractivismo

15, 16 e 17 de febreiro

Durante unha fin de semana completa xuntámonos en Compostela persoas e colectivos diversos, chegados de toda a península, para partillar experiencias, estratexias, dúbidas, emocións, etc. O obxectivo era conformar unha rede de redes que favoreza a comunicación entre as diferentes loitas, a solidariedade común, o intercambio de coñecementos e recursos e o apoio mutuo á hora de difundir un comunicado ou realizar unha mobilización.

Os colectivos presentes foron: ContraMINAcción (Galiza), Asociación de Afectados por Metales Pesados (Cartagena), Coordinadora No a la Mina de Uranio (Salamanca), La Raya sin Minas (Valencia de Alcántara, Cáceres), No a la Mina en el Valle del Corneja (Ávila), No a la Mina en la Sierra de Ávila (Ávila), No a la Mina en la Sierra de Yemas (Ávila), No en mi Tierra (Zamora), Oro No (Asturias), Plataforma Ciudadana Sierra de Morón (Sevilla), Plataforma Sierra de Gata Viva (Cáceres), Salvemos la Montaña (Cáceres), Salvemos las Villuercas (Cáceres) e Unidos em Defesa de Covas do Barroso UDCB (Boticas, Região Norte, Portugal)

http://www.verdegaia.org/wp/declaracion-final-do-iv-encontro-de-contraminaccion/

ContraMINAcción estivo en Boticas, Portugal, nun encontro sobre minería de litio no país veciño organizado polo colectivo *Unidos em Defensa de Covas do Barroso*

11 de maio

Coa idea de axudar a impulsar a rede contra a explotación do litio en Portugal. A asociación "Unidos em Defesa de Covas do Barroso" está a solicitar que se cancele o proxecto da denominada "Mina do Barroso" e das demais solicitudes de prospección en zonas circundantes, que supoñen unha ameza para o medio ambiente, o patrimonio, e a saúde e calidade de vida da poboación dunha zona de gran valor natural, cultural e comunitario, relativamente próxima ao Gerês.

Colaboración co documental "*San Finx 1960*" e no libro infantil "*A mina contamina*"

Verdegaia colaborou co documental "San Finx 1960", dirixido por Irene Pin, coa intervención de Nela Abella no mesmo, e do equipo de minaría nos traballos de documentación e rodaxe. O documental foi emitido en Nós Televisión e Canal 7 Rías Baixas e en máis dunha ducia de presentacións por todo o país e no exterior. En Internet leva máis de 4.500 visualizacións:

https://www.youtube.com/watch?v=zv_z2EEn_V8

Verdegaia tamén colaborou coa edición do libro infantil "A mina contamina" adquirindo e distribuíndo 250 exemplares.

Verdegaia participou na organización do coloquio "*Todo o que sempre quixeches saber sobre as Minas de San Fins e nunca te atreviches a preguntar*".

28 de xuño

Verdegaia organizou xunto con PLADEMAR e o Centro de Saberes para a Sustentabilidade o coloquio "Todo o que sempre quixeches saber sobre as Minas de San Fins e nunca te atreviches a preguntar" no que un dos máis prestixiosos expertos internacionais na materia, o Dr. Steven H. Emerman, respondeu ás preguntas máis incómodas sobre unha explotación mineira que afecta a toda unha ría: a de San Fins. Máis de 50 persoas atenderon ás explicacións e formularon preguntas sobre cuestións relativas aos metais pesados, drenaxes ácidas, presas de residuos mineiros abandonadas, bioacumulación, afectación á ría, etc.

https://www.facebook.com/events/455923461889287/

Seminario Técnico “*Impacto ambiental das drenaxes ácidas de mina e depósitos de residuos mineiros*”.

29 de xuño

A rede ContraMINAcción, da que Verdegaia fai parte, organizou o Seminario Técnico “Impacto ambiental das drenaxes ácidas de mina e depósitos de residuos mineiros”, impartido polo Dr. Steven H. Emerman, un recoñecido consultor internacional en hidroloxía e especialista na avaliación da afectación ambiental das explotacións mineiras.

http://www.contraminaccion.org/2019/06/19/contraminaccion-seminario-tecnico-drenaxes/

ContraMINAcción demandou aos colexios oficiais de Xeoloxía e Química rectificar no seu apoio ao informe de Felipe Macías.

Xuño de 2019

Desde ContraMINAcción demandouse aos colexios oficiais de Xeoloxía e Química que se desmarcasen de xeito público do informe emitido por Felipe Macías sobre os impactos da mina de San Fins, polas súas deficiencias técnicas e evidente nesgo a favor da empresa.

A rede dirixiuse formalmente ao Presidente do Colexio Oficial de Xeólogos, Manuel Regueiro, e ao Decano do Colexio Oficial de Químicos de Galicia, Manuel Rodríguez Méndez, expresando a súa protesta formal polas manifestacións subscritas por esas dúas corporacións de dereito público, xunto cos Colexios de Enxeñeiros de Minas do Noroeste e o Colexio de Enxeñeiros Técnicos e Grados de Minas e Enerxía de Galicia.

http://www.contraminaccion.org/2019/07/03/demandamos-aos-colexios-oficiais-de-xeologos-e-quimicos-que-avalien-o-informe-de-macias-e-se-retracten-publicamente/

Encontro Nacional de Movimentos Cívicos contra a exploração do lítio em Portugal.

14 de setembro de 2019



Activistas de Verdegaia e da rede ContraMINAcción participaron no Encontro Nacional de Movementos Cívicos contra a exploraçao do lítio em Portugal, que se celebrou en Vilanova de Cerveira.

Este encontro serviu para compartir experiencias e ver como as dinámicas, tanto das empresas como das administracións, son as mesmas en tódolos territorios.

http://www.contraminaccion.org/2019/09/18/movimentos-anti-mineracao-daquem-e-alem-minho-juntam-se-em-cerveira/

Intervención no Parlamento Europeo sobre as falsidades da Xunta en torno á mina de San Finx.

Outubro de 2019

O noso compañeiro Joám Evans interveu no Parlamento Europeo, destapando alí as falsidades da Xunta en relación á situación e consecuencias ambientais da minaría de San Finx. No informe da Xunta insístese en que as presas mineiras son en realidade presas hidroeléctricas, a pesar de estaren perfectamente documentadas como presas de residuos mineiros nos plans anuais de labores da explotación.

Palestra "*Mulleres defensoras da terra contra a minaría depredadora*", organizada por ESF.

13 de novembro de 2019

Activistas de Verdegaia e ContraMINAcción participaron nunha charla sobre minaría organizada por ESF, xunto con activistas hondureñas do Frente Triunfeño en Defensa de la Vida. O obxectivo da charla foi visibilizar as loitas de mulleres activistas en Galicia e Honduras, loitas que non son senón dúas caras do mesmo problema: a depredación dos recursos no nome dun sistema que pon no centro o lucro en lugar de poñer as persoas; e tamén facer visible a acción do patriarcado nestes activismos.

Presentamos solicitude de información en relación coa concesión ALBERTA I, relativa á solicitude de comparecencia e acceso á información ambiental pública que fora cursada pola asociación

Decembro de 2019

Dende ContraMINAcción denunciouse o adoutrinamento do alumnado do CEIP de Arzúa con respecto á mina de Touro-O Pino.

Decembro de 2019

Dende a rede ContraMINAcción enviouse unha carta ao claustro do CEIP de Arzúa, para cuestionar a campaña de publicidade e lavado de imaxe que a Cámara Mineira dirixiu aos centros escolares.

O alumnado do CEIP de Arzúa realizou una visita ás instalacións da mina de Touro e O Pino, co fin de adoutrinalos nas supostas bondades dunhas actividades extractivas que seguen a provocar a contaminación do sistema fluvial do Ulla por metais pesados.

http://www.contraminaccion.org/2019/12/04/contraminaccion-denuncia-o-adoutrinamento-do-alumnado-do-ceip-de-arzua-con-respecto-a-mina-de-touro-o-pino/

BRIGADAS DESEUCALIPTIZADORAS (Coordina Joám Evans)

As plantacións de eucaliptos xeran un impacto altamente prexudicial sobre a biodiversidade, causando empobrecemento e erosión das superficies plantadas, contaminación en regatos e rios e outras negatividades que, mesmo dando unha aparencia “verde” á paisaxe, crean auténticos desertos, que mostran a súa faciana máis negra coas sucesivas vagas de lumes.

Con máis de medio millón de hectáreas na Galiza e unha superficie que aumenta ano tras ano, en Verdegaia consideramos no seu momento que chegou a hora de dicir “basta” e botarse ao monte para tomalo e transformalo e con esta idea xurdiron as Brigadas Deseucaliptizadoras, que se lanzaron na primavera de 2018, após a tráxica vaga de lumes que afectou o país en 2017. O despregar das Brigadas polo territorio é gradual, existindo actualmente brigadas estabelecidas ou en proceso de estabelecemento en varias comarcas.

Celebrouse o Día Mundial das Zonas Húmidas, que conmemora a adopción en tal día do ano 1971 da Convención RAMSAR para a protección desas áreas

2 de febreiro

Durante 2018 varias intervencións das Brigadas centráronse na eliminación de especies exóticas invasoras da contorna da zona húmida de "Campo de Lamas" e o 2 de febreiro traballamos na recuperación do bosque nativo nesta zona da Área Conservada pola Comunidade Local de Froxán, en Lousame, recoñecida como ICCA (Indigenous and **Community Conserved Areas) polo programa das Nacións Unidas para o Ambiente.**

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/417

As Brigadas co-organizaron as I Xornadas de Voluntariado Ambiental do Concello de Cenlle

23 de febreiro

O sábado 23 de febreiro botámonos novamente ao monte na aldea de Lentille, concello de Cenlle (Ribeiro) para atacar a invasión de mimosa (Acacia dealbata) que sofre a comarca. Nesta roga continuaranse os traballos iniciados no mes de maio de 2018 nunha zona que levaba en estado de abandono desde a década de 1970. Os actuais propietarios pretenden recuperar os valores naturais da mesma así como os canais e pozos de rego antigos, coa súa biodiversidade asociada. Na mesma fin de semana organizouse coa Asociación Veciñal de Lentille, o Concello de Cenlle e o Centro de Saberes para a Sustentabilidade as I Xornadas de Voluntariado Ambiental que abordaron tamén con profundidade a problemática da vespa velutina obradoiro con Lolo Andrade.

Chegounos o ofrecemento do escritor Daniel Ugarte para colaborar coas Brigadas

febreiro

Daniel é o autor da novela O Coala, recentemente publicada por Edicións Do Peirao, e quixo colaborar con nós doando un euro ás Brigadas por cada exemplar vendido desta obra.

"*Aprende a amar o bosque*" foi o lema escollido este ano polas Nacións Unidas para celebrar o Día Mundial Forestal. AS Brigadas celebrárono participando na deseucaliptización simultánea de Cousa de Raíces.

21 de marzo

Mentres que un "bosque" é un ecosistema natural complexo, dominado por especies arbóreas e a súa vexetación acompañante, no que habitan animais, fungos e microorganismos entre os que se establecen interrelacións perdurábeis no tempo; unha "plantación forestal" é un conxunto de árbores normalmente uniformes que se plantan unicamente polo seu interese comercial, e que adoita estar formado por especies alóctonas que non establecen interrelacións perdurábeis coas especies autóctonas. Vaia, eses eucaliptais que seguen a expandirse por unha Galiza na que cada vez hai máis árbores e menos fragas.

Co gallo desta conmemoración, a rede a prol do bosque galego, Cousa de Raíces, na que se integra Verdegaia, fixo un chamamento a celebrar o Día Mundial dos Bosques cunha "Deseucaliptización Simultánea" por toda Galiza, contribuíndo as Brigadas cunha acción realizada na Área Conservada pola Comunidade de Froxán, en Lousame.

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/459

Organizouse a 1ª Brigada deseucaliptizadora en familia

31 de marzo

A Área Conservada pola Comunidade Local de Froxán, en Lousame, acolleu a 1ª Brigada deseucaliptizadora en familia, aberta a todas as idades máis con actividades pensadas especialmente para as máis cativas, da man das trasnas e bruxa do Monte de Froxán, e que finalizou cun toque de maxia.

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/466

Convocamos unha roga desacaciadora dupla no Ribeiro, en Lentille (concello de Cenlle) e Ridimoas (concello de Beade), a cada unha das vertentes do río Ávia

20-21 de abril

A primeira intervención organizouse o sábado 20 de abril coa Asociación Veciñal de Lentille, e retomou os traballos de eliminación de mimosa (Acacia dealbata) tanto no monte comunal do lugar como en parcelas lindeiras. A segunda tivo lugar o domingo 21 de abril no espazo natural custodiado pola Asociación cultural e ecolóxica Ridimoas en Beade.

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/477

Gañamos o premio Lush Spring Prize, pola organización das Brigadas desucaliptizadoras

maio de 2019

Este galardón é premia actuacións que recuperan ecosistemas danados. A Asociación Verdegaia foi un dos once gañadores da última edición polo traballo das Brigadas deseucaliptizadoras. Este premio ademais do que ten de recoñecemento a labor desenvolvida, axuda de xeito moi importante á permanencia das Brigadas no tempo xa que vai acompañada dunha dotación económica moi necesaria para continuar co traballo.

Rogas simultáneas en Ferrol, Froxán, Lentille, Rebordelo e Corcubión.

8 de xuño

Para por en destaque a semana do Día Mundial do Ambiente, as Brigadas Deseucaliptizadoras lanzaron unha ofensiva simultánea ao eucalipto e á acaia por todo o país, en coordinación coa II Deseucaliptización Simultánea que se organiza desde a rede de colectivos Cousa de Raíces.

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/490

Desacaciación en Lentille e restauración do entorno da Aula da Natureza de Froxán

6 e 13 de xullo

En Froxán, a roga centrouse na recuperación do entorno da Aula da Natureza, unha zona onde se segue a eliminar acacia negra. En Lentille, atacouse a invasión de mimosa que está a sufrir a comarca. Foi a última intervención no Ribeiro ata o mes de novembro, para evitar o período de proliferación da vespa velutina.

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/510

Deseucaliptización do Castro de Bexo

17 de agosto



50 voluntarias actuaron por segunda vez sobre o Castro de Bexo. Na última semana de marzo de 2019 un enorme lume arrasou máis de 1.000 hectáreas dos concellos de Dodro e Rianxo, facendo perigar casas e vidas e destruíndo todo ao seu paso. O lume iniciouse debaixo dunha liña de alta tensión, ao pé do Castro de Bexo. Desta volta, participaron como anfitrións locais o Concello de Dodro, a Asociación Cultural Unidade Veciñal de Dodro, a Asociación Veciñal de San Xoán de Laíño e a Comunidade de Montes da Cruz do Avelán. O Castro de Bexo, tamén coñecido como "As Murallas" está catalogado por Patrimonio e é un dos asentamentos máis grandes de toda a zona, pola súa posición estratéxica. A Comunidade do Monte Veciñal en Man Común da Cruz do Avelán ten acordado a súa recuperación, redactando un proxecto de xestión arqueolóxica que inclúe a erradicación do eucalipto en todo o seu perímetro. Acompañounos na intervención o responsábel polo proxecto de xestión arqueolóxica deste xacemento, o arqueólogo Carlos Otero-Vilariño, co-editor do "*Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*".

http://verdegaia.org/brigadas/archivos/527

As brigadas fixemos unha acción de apoio á greve global polo clima

28 de setembro

O sábado 28 de setembro as Brigadas Deseucaliptizadoras de Verdegaia uníronse á Mobilización Global polo Clima colocando en destaque a necesidade de actuar de inmediato e con urxencia fronte a crise climática. Fixémolo recuperando unha turbeira drenada polos Servizos Forestais nos anos 1970 na Área Conservada pola Comunidade Veciñal de Froxán (Lousame) e eliminando eucaliptos en toda a súa contorna. As turbeiras representan importantísimos reservorios de carbono e a súa continuada destrución e degradación contribúe para a emisión de CO2 á atmosfera.

As Brigadas sumáronse cunha plantación de árbores nativas á manifestación en defensa do monte “Por un monte galego con futuro”

19 de outubro

Verdegaia foi unha das entidades asinantes do Manifesto Por un monte con futuro que, entre outras medidas en favor da biodiversidade e dos bosques nativos, demanda unha moratoria indefinida para novos plantíos de Eucalyptus e un programa de redución progresiva da superficie ocupada por eucaliptos e doutras especies exóticas invasoras presentes no monte galego: robinias, ailantos, cortaderias, calas, hortensias, bambús, crocosmias, etc. Para dar visibilidade social a estas reivindicacións, as Brigadas Deseucaliptizadoras fixeron un chamamento á mobilización e saíron ao monte o día 19 de outubro para dar o seu apoio e axudar a visibilizar a manifestación que se realizaría ao día seguinte baixo o lema “*Por un monte galego con futuro*”.

Nova brigada “desacaciadora” en Lentille, Cenlle (Ribeiro)

20 de novembro

Fomos novamente da man da Asociación Veciñal de Lentille para atacar a invasión de mimosa (*Acacia dealbata*) que sofre a comarca. Nesta roga continuáronse os traballos das anteriores intervencións de 2018 e 2019 tanto no monte comunal do lugar como en parcelas lindeiras. A intervención manual tiña como obxectivo eliminar os pés de acacia mantendo as árbores autóctonas que conseguiron sobrevivir (carballos, érbedos, etc.). Esta foi a última intervención de desacaciación do ano que culminamos colocando en Lentille os sinais de “ZONA DESACACIADA”.

Primeira actuación das Brigadas en Mondariz Balneario

30 de novembro

Inaugurouse a brigada local coa plantación de 200 árbores autóctonas, todas fillas de castiñeiros e carballos centenarios da mesma vila. As arboriñas foron colleitadas hai un ano por veciñas e veciños do Balneario en colaboración coa Asociación de Nais, Pais e Alumnas do Colexio público de Mondariz Balneario CEIP Nosa Señora de Lourdes. A intervención manual nesta roga tivo como obxectivo eliminar pequenas xestas e fento da parcela que rebrotaron dende as grandes vagas de incendios e plantar castiñeiros e carballos novos xunto con veciñas e veciños da vila.

As Brigadas Deseucaliptizadoras volveron a Ferrolterra

14 de decembro

Desta volta foi para dar continuación aos traballos realizados no monte do Calexón (Valón), no que o 8 de xuño as Brigadas fixeran unha actuación deseucaliptizadora de emerxencia.

Convocouse unha roga “San Silvestre” en Froxán.

29 de decembro

As Brigadas Deseucaliptizadoras quixeron acabar este ano deseucaliptizador cunha última xornada de eliminación de especies exóticas invasoras Área Conservada pola Comunidade Local de Froxán, en Lousame, recoñecida como ICCA (Indigenous and Community Conserved Areas) polo programa das Nacións Unidas para o Ambiente.

Asinamos un convenio co concello de Dodro

Decembro 2019

En decembro asinamos un convenio co concello de Dodro para promover na localidade as accións das Brigadas. Por un período de 4 anos o concello comprométese a facer unha achega de 600€ anuais para este fin.

OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS

A Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro, da que fai parte Verdegaia, presentou alegacións para incluír esta no Parque Natural do Monte Aloia .

Xaneiro de 2019

A plataforma presentou alegacións ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación ao anuncio do 10 de outubro de 2018, desa Dirección Xeral, polo que se acordou someter a procedemento de información pública o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do monte Aloia, publicado no DOG nº 220 de 19 de novembro de 2018. Solicitouse que o Parque Natural do Monte Aloia (Pontevedra) fose ampliado para incluír dentro dos seus límites a Serra do Galiñeiro, como xa fixera Verdegaia en 2007, anos antes da existencia de dita plataforma.

Participamos na campaña contra as fumigacións da Plataforma Fumigacións NON, enviando correos aos concellos para buscar a súa adhesión

abril de 2019

Xunto con outras organizacións ecoloxistas, colaboramos nunha iniciativa para acadar maior protección á fraga de Menáncaro e a súa declaración como Espazo Natural Interese Local

abril de 2019

Tras as tallas que tiveron lugar na contorna da fraga, varias organizacións ecoloxistas reuníronse co Concello para solicitar a protección permanente deste espazo natural. As organizacións, entre elas Verdegaia, solicitaron do goberno local a apertura dun expediente para declarar a fraga de Menáncaro Espazo Natural de Interese Local.

Verdegaia participou nas Olimpíadas Populares Galegas

6 e 7 de Xullo

A edición deste ano celebrouse na zona da Xunqueira, en Moaña. Cómpre destacar a harmonía e o ambiente festivo que existiu entre participantes e equipas. Podemos dicir que o papel de Verdegaia foi máis que honroso en xogos como a chave, as probas de loitafuturo ou o voleibol. Tentaremos repetir experiencia para o ano. Ide pensado en anotarvos!

http://www.verdegaia.org/wp/olimpiadas-populares-galegas-2019/

Participamos da campaña: “Por un monte galego con futuro”

9 de xullo

As organizacións asinantes da campaña, entre elas Verdegaia, lanzaron unha proposta conxunta “Por un monte galego con futuro” e cuestionaron tanto as propostas que se están a barallar na revisión do Plan Forestal que está a tramitar a Xunta de Galicia, como as medidas contempladas na Estratexia Galega contra o Cambio Climático. Así tamén cuestionaron o recente borrador da Estratexia Galega contra o Cambio Climático no que “só interesa fixar máis carbono en máis madeira o máis rápido posíbel”, o que “potenciará o cultivo do eucalipto e doutras especies de crecemento rápido”. Especies que se ven ademais favorecidas, para o seu uso en repoboación, no Decreto 163/2014 do Estado español para a compensación e absorción de dióxido de carbono.

Apoiamos a creación da Plataforma de apoio a Nines e Palestina

10 de xullo

Diversos colectivos e persoas a título individual organízanse contra a criminalización de Nines Maestro e outras dúas mulleres por recadar axuda solidaria para Palestina. A Plataforma de Apoio a Nines e Palestina constitúese co obxectivo de coordinar e impulsar actividades de apoio a Nines Maestro e a outras dúas activistas (que preferiron permanecer no anonimato) acusadas de financiamento do terrorismo por recoller fondos destinados á reconstrución de instalacións sanitarias de Gaza tras os bombardeos en 2014 e 2015.

Entre os colectivos integrados na plataforma -que Verdegaia tamén apoia- figuran Anticapitalistas, BDS, CGT Corredor del Henares, Iniciativa Comunista, IU Madrid Ciudad, La Comuna, Madres contra la Represión, Movimiento Antirrepresivo de Madrid, Nodo50, Paz con Dignidad, Red Roja, Sindicato Asambleario de Sanidad-Madrid. A plataforma permanece aberta á incorporación de novas organizacións e persoas interesadas en estender unha mensaxe clara: a solidariedade internacionalista non é delito.

http://www.verdegaia.org/wp/nace-a-plataforma-de-apoio-a-nines-e-palestina/

Primeira Xornada Sobre Medio Ambiente en Ribeira.

14 de xullo

Xunto coas asociacións locais Do Verbo Faser e Sachos á Rúa, organizamos a primeira Xornada sobre Medio Ambiente en Ribeira. O obxectivo foi analizar o papel das administracións nesta materia e crear un banco de ideas que poidan trasladarse aos gobernos municipais para conseguir un concello máis habitábel e respectuoso co medio ambiente.

http://www.canalbarbanza.com/WCBar/archivos/40484

Apoiamos e participamos na campaña a favor da rula que se presentou no Parlamento, o día de aprobación da Lei de Patrimonio Natural

31 xullo

A Unión Europea anunciou o 25 de xullo, que iniciou un proceso de infracción contra o Estado español por non tomar medidas de conservación que freen o declive das rulas. O Estado español alberga máis da metade da poboación reprodutora europea polo que é o país clave na conservación desta ave que está a sufrir en toda Europa un forte declive.

A diferenza dos gobernos de rexións como Asturias, Cantabria, Canarias ou a Comunidade Valenciana, que a teñen prohibida, a Xunta de Galicia aínda permite a caza da rula. É urxente tomar medidas efectivas de conservación desta especie, comezando pola prohibición da súa caza.

Manifestamos o noso rexeitamento a unha nova corta de árbores completamente innecesaria en Vigo

O 8 de agosto

Nesta ocasión a corta produciuse na Avenida Gregorio Espino, no treito entre San Roque e Travesía de Vigo, como colofón a mais unha ‘humanización’. Sen entrar a valorar a necesidade dos proxectos de renovación das beirarrúas, é importante distinguir que proxectos como a humanización de Gregorio Espino para nada implicaba a corta das árbores. Simplemente é outra demostración da total ausencia de sensibilidade ambiental á hora de planificar unha obra pública. Consideramos intolerable que en poucos anos se teñan cortado centenas de árbores das máis diversas especies por unha mera cuestión estética. As árbores non se poden considerar como simple mobiliario urbano, é inadmisible que se cataloguen no mesmo ítem contable que os farois ou as marquesiñas. Entre outras moitas vantaxes, as árbores desempeñan un papel fundamental para contrarrestar a inxente cantidade de gases de efecto invernadoiro que diariamente xera o tráfico motorizado. Non obstante, a resposta das autoridades municipais segue pasando por marxinar os medios de transporte máis sustentables e cortar árbores.

Apoiamos e difundimos a andaina reivindicativa convocada pola Plataforma contra os eólicos de Bustelo-Campelo-Toural

xullo de 2019

Dende a Plataforma contra os eólicos de Bustelo-Campelo-Toural (concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba) pedíronnos apoio na súa loita para que non se instale un novo parque eólico na zona. Verdegaia non rexeita a enerxía eólica, pero si temos unha postura moi crítica coa política da administración e a acción das empresas neste ámbito. A falta de respecto aos valores naturais do territorio e á forma de vida e dereitos elementais das súas comunidades foi e é en demasiadas ocasións o contexto no que se levan adiante os procesos de instalación destes parques, sen termos ademais unha estratexia real e coherente de cambio global do modelo enerxético galego. Tampouco é de xustiza, nin humana nin ecolóxica, que sexan as áreas rurais as que asuman as consecuencias negativas de necesidades enerxéticas que se xeran en boa medida no ámbito urbano.

De cara a setembro organizaremos como Verdegaia un roteiro pola zona, inserido nas actividades que está a levar adiante esta plataforma.

A plataforma 'Por un monte galego con futuro', da que formamos parte Verdegaia, organizou unha manifestación en Compostela

20 de novembro

Verdegaia apoiou o manifesto e a convocatoria da manifestación en defensa do monte e participou xunto con outros colectivos na convocatoria e difusión da manifestación celebrada en Compostela. Con esta mobilización quíxose reclamar unha xestión sustentábel e multifuncional do monte, o peche do ciclo produtivo forestal, que se poña freo ó monocultivo de eucalipto, máis prevención contra os lumes forestais e a protección do monte comunal e en man común. Estas medidas permitirían favorecer o papel dos ecosistemas forestais para, no actual contexto de mudanza climática, mitigar os efectos do quecemento global, mais non só como reservas de carbono, senón tamén como fornecedores de servizos ecosistémicos, como o mantemento da biodiversidade, a regulación do ciclo da auga, a fertilidade do solo, a capacidade de purificación da auga e do ar ou a loita contra a erosión, entre outros.

Mesa sobre mudanza climática dentro do Foro Labrego de Agroecoloxía.

7 de novembro

Verdegaia foi convidada a participar nunha mesa dentro do Foro Labrego de Agroecoloxía, organizado polo Sindicato Labrego Galego. O tema da mesa, compartida con Adega e Extinction Rebellion, era a mudanza climática, escenarios de futuro, e a idea de tender pontes, en relación ao cambio climático, entre un mundo rural e un urbano que parecen ignorarse mutuamente.

Expresamos publicamente a nosa solidariedade cas persoas detidas na denominada “Operación Jaro”

16 de novembro

Con este fin difundimos un texto coa nosa postura, “Da represión á criminalización: hoxe o independentismo, mañá calquera”, ante a publicación por parte da Fiscalía da Audiencia Nacional das súas acusacións, cargos e penas solicitadas, que ascenden a un total de 102 anos de prisión para as 12 persoas procesadas. Consideramos que tanto esta petición como a argumentación que a sustenta están moi lonxe do que sería xusto e razoábel, volvendo a caer unha vez máis en esquemas propios da aplicación dun “dereito penal do inimigo”.

Participamos na concentración organizada pola plataforma “A auga é vida” contra a especulación e en defensa dos montes de Tameiga

30 de novembro

A modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que dá vía administrativa ao proxecto da cidade deportiva do Real Club Celta de Vigo e do megacentro comercial en Mos foi aprobado o pasado mes de setembro. O obxectivo desta modificación parcial, cuxo promotor é o propio concello da man da alcaldesa do PP Nidia Arévalo, foi a delimitación dun sector de solo urbanizable destinado para “dotacións de carácter privado e usos terciarios comerciais”.

Deste xeito preténdese transformar solos rústicos de protección forestal, que son maioritariamente naturais, en solos urbanizables incrementando mediante esta actuación a presión sobre o territorio e a biodiversidade, sendo afectada con máis fincapé a parroquia de Tameiga.

Podes ler o manifesto “*O monte é vida, non un lugar para especular!*”, apoiado por numerosas organizacións do ecoloxismo galego, entre elas Verdegaia, aquí:

www.verdegaia.org/wp/3817-2/

Asistimos á asemblea da Federación Ecoloxista Galega (FEG), co obxectivo de impulsar este foro tan valioso para o ecoloxismo galego

Novembro 2019

Nesta asemblea acordouse a renovación dos cargos directivos da FEG: Joám E. (Verdegaia), coordinador; Verónica T. (Adega) secretaria; Almudena O. (Verdegaia) tesoureira; Benito A. (APDR) asesoría forestal; Xulio C. (APDR) asesoría contaminación electromagnética; Begoña B. (Néboa) asesoría educación ambiental. Tamén se propuxo a difusión entre máis grupos e colectivos da posibilidade de incorporarse á Federación, así como realizar un encontro ecoloxista co gallo dos 30 anos da FEG para a volta do verán de 2020

Sumámonos a unha campaña para solicitar a creación, no ámbito da avogacía, dunha quenda de oficio ambiental

Decembro 209

Solicitude de información sobre a situación da Canteira da Mámoa

12 decembro

Xunto cos colectivos Salvemos Monteferro e A Terra Non Se Vende, presentamos unha solicitude de información en relación á situación da Canteira da Mámoa, na parroquia de Priegue (Nigrán). Solicitamos información sobre o estado do expediente, así como o acceso ao expediente completo e reiteramos a nosa solicitude de xuño de 2019 que non fora respondida pola APLU.

TEMAS XURÍDICOS E ADMINISTRATIVOS EN MARCHA

Unha liña de traballo, se cadra das máis áridas e complexas, é a xudicial. Aínda que sempre temos en mente o debate de até que punto compensa o esforzo de presentar denuncias, recursos ou alegacións, non renunciamos a empregar esta vía na medida das nosas posibilidades. É certo que os resultados non sempre son os desexados, quer pola falta de medios ou xurisprudencia relativa ao dereito ambiental, quer pola conivencia entre administracións para tapar cuestións que teñen que ver con evidentes delitos nesta materia. Porén, tamén contamos con casos nos que esta acción xurídica abre vías de esperanza para nós e/ou dificulta cando menos as cousas para quen pretendía actuar con total desprezo das normas de protección e coidado do medio ambiente.

En tódolos casos estamos a solicitar a xustiza gratuíta, recoñecida para os colectivos que teñen como fin a defensa da natureza.

Demanda en relación ás chamadas “Instrucións Tahoces”

Verdegaia, xunto con diversos colectivos e organizacións integrantes da rede ContraMINAcción, levaron ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a denominada “Instrución Tahoces” (oficialmente Instrución 6/2018, do 3 de agosto, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre acceso á información pública en materia de minas). Esta instrución fora aprobada o verán pasado polo director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, no medio de fortes críticas dos movementos sociais, que a consideran un paso máis para obstaculizar o acceso á información ambiental relativa a proxectos mineiros e enerxéticos. O TSXG admitiu a demanda que formalizaron a Asociación Petón do Lobo, a Asociación Sociocultural O Iribio, a Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins, o Sindicato Labrego Galego e Verdegaia.

Neste asunto temos concedida xustiza gratuíta para custas e outros.

Recurso contencioso-administrativo ante o TSXG polo proxecto eólico de Oleirón

Presentamos recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante a RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de maio de 2016 e que autoriza as instalacións, aproba o proxecto de execución e declara a utilidade pública do parque eólico Oleirón, nos concellos de Rois e Brión (A Coruña) e promovido pola sociedade Norvento,S.L. (expediente IN661A 2010/12). Esta resolución publicouse o 31 de maio de 2019 no DOG Núm. 102. Presentamos recurso ante as graves deficiencias e presuntas irregularidades administrativas no Estudo de Impacto Ambiental do proxecto do Parque eólico de Oleirón, no estudo de alternativas, no inventario de hábitats e especies e en canto ao impacto paisaxístico, incluíndo a ausencia de Avaliación Ambiental Estratéxica do proxecto sectorial.

O motivo do recurso son as graves deficiencias e presuntas irregularidades administrativas constatables na tramitación do proxecto do Parque eólico de Oleirón, no estudo de impacto ambiental, no estudo de alternativas, no inventario de hábitats e especies e en canto ao impacto paisaxístico, incluíndo a ausencia de Avaliación Ambiental Estratéxica do proxecto sectorial.

Recurso no xulgado de 1ª Instancia n.º 2 de Noia, en relación á explotación mineira de San Finx

Presentamos recurso no xulgado de 1ª Instancia nº 2 de Noia, por procedemento abreviado /dilixencias previas nº223/2017. Temos concedida a xustiza gratuíta. O recurso baséase en presuntos delitos contra o medio ambiente e prevaricación ambiental cometidos en relación a explotación mineira de San Finx (Lousame) e Barilongo (Santa Comba). A raiz deste procedemento foi imputado este ano o Director Xeral de Enerxía e Minas Ángel Bernardo Tahoces.

Contencioso-administrativo ante o TSXG polo PRUX do Parque Nacional das Illas Atlánticas

10 de abril

Presentamos contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo Plan de Recursos, Usos e Xestión do P.N. Illas Atlánticas. O motivo deste contencioso son as graves deficiencias no contido do PRUX no que se refire a análises con datos reais do estado de conservación da biodiversidade no Parque. Neste procedemento participamos coa Sociedade Galega de Ornitoloxía.

Denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente en relación á Vía Ártabra.

Xullo de 2019

Presentamos unha denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente, por incumprimento dos procedementos de avaliación ambiental na construción da estrada coñecida como Vía Ártabra por parte da Xunta de GaliciaO documento que presentamos está elaborado pola Asociación de afectados por infraestruturas no Concello de Cambre, e fixémolo como apoio a súa acción.

Recurso de reposición sobre a mina de Xanceda

30 de setembro

Traballamos no tema xunto co SLG, presentamos recurso de Reposición contra a denegación da suspensión da concesión mentres non se resolva o recurso que hai presentado contra a mina.

Contencioso-administrativo contra a DEUP de Aguiño e Castiñeiras

Setembro de 2019

Presentamos recurso contencioso-administrativo contra a resolución de Portos de Galicia, do 21 de marzo de 2019, pola que se aproba o documento de delimitación dos espazos e os usos portuarios de Aguiño e Castiñeiras e das instalacións marítimas de Ameixida (Ribeira). Para este recurso solicitamos xustiza gratuíta total e foinos concedida.

Recurso no Xulgado de 1ª Instancia n.º 2 de Noia, procedemento abreviado /dilixencias previas nº223/2017

Proceso aberto contra a mineira de San Fins (Lousame). Está en fase de instrución. Sobre este asunto temos como novas positivas os recentes informes de Augas de Galicia e a UdC que confirman as falsidades da Administración e cuestionan os redactados por Felipe Macías para a empresa. Neste proceso temos concedida a xustiza gratuíta para custas e outros.

Tramitación do proxecto mineiro Alberta, de tantalio, provincias de Pontevedra e Ourense

15 de novembro

Verdegaia presentou comparecencia como interesada ante a Sección de Minas da delegación territorial da consellería de Industria en Ourense para obter en formato dixital toda a información. Tomamos esta decisión ante as novas de que está a tramitarse a concesión dunha explotación derivada da investigación do proxecto Mineiro Alberta, que afecta a terras das provincias de Ourense e Pontevedra (Avión, Beariz, Forcarei, A Lama e Cerdedo) e que dende a Administración tíñase manifestado que non se precisaba do Estudo de Impacto Ambiental. Por ese motivo presentamos esta solicitude de información á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Coda final. O ano 2020...

Neste ano que vén de comezar seguiremos a traballar, por desgraza, no tema da minaría. Segue a ser unha das maiores ameazas que pairan sobre a nosa natureza e rural, xa que certos minerais como o estaño, o wolframio, o tantalio, as terras raras, etc., manterán o seu papel estratéxico nun mundo que a pesares de transmitir unha falsa imaxe de desmaterialización e virtualidade, é cada vez máis esixente en materiais nun contexto de recursos en regresión. Isto é terreo fértil para a especulación. Por sorte, novas como a paralización do proxecto de Touro, dannos azos para continuar nestas leas.

Cun sentido máis proactivo, seguiremos a tirar da extensión e consolidación das Brigadas Deseucaliptizadoras. Máis de 600 brigadistas xa que levan feito unha inxente tarefa de recuperación nos montes, e partillado un proxecto comunitario que se tece tamén nos lazos e redes creadas. Este ano ademais temos en mente un encontro lúdico de celebración de todo o feito até agora. Presta atención á data, seguro que che presta non perdelo!

Por outra banda, o traballo sobre o cambio climático será outra liña de acción fundamental. Para iso temos a sorte de contar con novos colectivos e xente moza que está a dinamizar un ámbito de reivindicación e propostas básicas para determinar que tipo de futuro inmediato nos agarda como sociedades e como natureza. A final de ano, a COP de Glasgow volverá a pór o tema no foco de atención, pero non deberiamos movernos no ritmo que marcan os estados e grandes empresas, xa que cada día conta para actuar ante un problema tan grande como complexo. "*Mudar o sistema e non o clima*" segue a ser unha frase clave para enfocar esta cuestión.

A revitalización da FEG é algo ao que lle damos moita importancia. A FEG representa todo un legado recente no ecoloxismo galego e é unha ferramenta útil como punto de encontro e apoio mutuo. Sería xenial poder conectala coas novas formas de activismo nas que se manexa a xente máis nova, precisamente a que está a tirar de movementos como *Fridays for Future* ou *Extinction Rebellion.* Iso facilitaría espazos de aprendizaxe colectiva en moitas direccións, ademais de facilitar a posibilidade de relevo xeracional no ecoloxismo.

Por último, e a nivel interno, a nosa intención é continuar a planificar para este 2020 momentos de encontro e convivencia no seo da asociación, como foron os celebrados na Ulloa en 2018 e no Courel en 2019. Manteremos os obxectivos de partillar as nosas visións e inquedanzas sobre Verdegaia, mais tamén xerar un tempo lúdico e de coñecemento dalgún espazo natural de singular valor.

Todo un ano para facer ecoloxismo. Agardamos que queiras camiñalo con nós nun "Vai de roteiros" non só espacial, senón tamén cronolóxico.